



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*

REGULAMENTO AUTONÓMICO DE CETRARÍA

ESPECIALIDADES E ESTRUTURA

1.- FINALIDADE

A finalidade dos campionatos Galegos de Cetraría é a de promover e valorar o espírito deportivo do cetreiro, as calidades naturais e o adestramento de aves e cans coas peculiaridades propias de cada modalidade, así como a educación cinexética do cetreiro e o interese cultural que ten esta especialidade deportiva. Todo iso mediante unhas competicións de alto nivel que poñan de manifesto os aspectos cinexéticos e técnicos da cetraría nas súas distintas especialidades, con clara vocación de ensino dos cetreiros e fomentando o respecto pola natureza e o seu ámbito. As probas dos campionatos rexeranse polas normas contidas nas presentes Regras Técnicas. A convocatoria anual poderá completar, aclarar ou modificar estas normas.

2.- MODALIDADES DE COMPETICIÓN

Os campionatos de Galegos de Cetraría comprenden na actualidade as seguintes modalidades:

- .. Campionato de Galego de Altiveza
- .. Campionato de Galego de Baixo Voo
- .. Campionato de Galego de Sky Trial

O desenvolvemento destes campionatos rexeranse polas normas técnicas, sistema de puntuacións e criterios de interpretación propios de cada un deles, que máis adiante se especifican.

O establecemento no futuro de novas modalidades de competición deberá rexerse polas presentes normas así como polas normas técnicas específicas de desenvolvemento propio do campionato, as cales deberán ser incorporadas ao presente Regulamento.

3.- TIPOS DE PROBAS

Os Campionatos de Galegos de Cetraría comprenderán, se procede, catro niveis: Social, Comarcal, Provincial, Autonómico.

As diferentes probas dos Campionatos de Galegos regularanse conforme a este Regulamento e ás normas que emita cada ano a Federación Galega de Caza, polas competicións de nivel, social, comarcal, provincial e autonómico dentro do ámbito das súas competencias

O Comité de Competicións da Federación Galega de Caza será o encargado de elaborar as normas reguladoras de cada tempada e dalas a coñecer.

4.- CAMPIONATOS SOCIAIS E COMARCAIS

Estas probas organizaranse por cada club federado entre os socios que reúnan os requisitos que máis adiante se detallan

A selección de participantes, normas de participación, características das probas e demais normativa que se derive da celebración dos campionatos será fixada por cada Federación Provincial de Caza, dentro da normativa xeral que con respecto á modalidade emita anualmente a Federación Galega de Caza

5.- CAMPIONATOS PROVINCIAIS

Esta proba selectiva disputarase entre os cetreiros seleccionados por cada club de acordo coas normas emitidas pola súa Federación Provincial.

Os Campionatos realizaranse con proba de campo con presas naturais ou sementadas segundo épocas do ano e estarán organizadas pola Federación Provincial da Federación Galega de Caza.

6.- CAMPIONATOS AUTONÓMICOS

Os campionatos autonómicos organizaranse pola Federación Galega de Caza mediante proba de campo, entre os representantes das provincias que reúnan os requisitos que máis adiante se determinan ademais dos específicos que a Federación Galega de Caza esixa.

A Federación Galega de Caza organizará o Campionato Galego de cada modalidade co fin de proclamar, de acordo con este Regulamento, o Campión Galego das distintas modalidades de cetraría.

BASES E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

7.- DO CETREIRO

Para participar nas probas antes mencionadas, os cetreiros deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Pertencer con plenitude de dereitos a algunha sociedade federada
- 2) Ter sido seleccionado para cada proba e constar como tal na acta correspondente
- 3) Ter licenza da Federación Galega de Caza en vigor
- 4) Non estar inhabilitado por resolución disciplinaria
- 5) Presentarse ao Campionato por un único club
- 6) Coñecer e aceptar o presente Regulamento e cantas normas se emitan ao respecto.

8.- DAS AVES DE CETRARÍA

O participante poderá concursar con calquera ave de cetraría das que se determinen nas especificacións técnicas de cada un dos campionatos. En todos eles, as aves a utilizar deberán acreditar os seguintes requisitos:

- 1) Posuír os documentos acreditativos da orixe legal da ave
- 2) Acharse inscrita a nome do participante na Comunidade Autónoma de orixe
- 3) En caso de titularidade da ave distinta ao participante, escrito do titular desta autorizando a súa tenza e uso no campionato ao participante.

9.- DO CAN DE CAZA

Nas probas nas cales sexa obrigatoria a participación do can, o cetreiro deberá presentar a cartilla sanitaria deste, non podendo participar aqueles cans enfermos ou que non estean en posesión da citada cartilla.

Queda prohibida a participación de femias en celo. O can deberá acreditar así mesmo a súa inscrición no (LOFEC) ou libro xenealóxico legalmente recoñecido

DESENVOLVEMENTO E ORGANIZACIÓN

10.- TERREOS

As competicións adaptaranse a este Regulamento e ás limitacións do Plan de Aproveitamento Cinexético do terreo onde se desenvolvan estas.

A superficie do terreo onde se celebre cada proba será determinada pola organización. Este acharase sinalizado e ofrecerá un mínimo de seguridade para as aves.

11.- ESPECIES CINEXÉTICAS

Se as probas se celebran sobre caza natural, os lances serán sobre especies consideradas cinexéticas.

En caso de que a competición se celebre sobre caza sementada, será a organización a encargada de prover esta e sen coñecemento previo dos participantes do lugar escollido para sementala.

12.- CLASIFICACIÓN E TÍTULOS

A orde de clasificación estará determinada pola puntuación total de cada participante.

Están prohibidas as clasificacións ex -aequo. En caso de empate as normas técnicas de cada Campionato establecerán a orde de prelación en atención aos distintos parámetros de puntuación.

O ceteiro clasificado en primeiro lugar será nomeado Campión Galego da súa modalidade por ese ano e terá dereito a defender o seu título na seguinte edición. Na modalidade denominada Sky Trial será nomeado Campión de Galego o falcón vencedor da proba, citándose a continuación ao seu propietario e ao ceteiro condutor do mesmo caso de ser distinto do propietario.

NORMAS DE COMPETICIÓN

13.- As competicións serán de inscrición libre.

14.- A Selección Galega estará formada polos campións nas modalidades de Baixo Voo e Sky Trial clasificados pola suma das puntuacións das seguintes probas:

- CAMPIONATO PROVINCIAL FGC CORUÑA.
- CAMPIONATO PROVINCIAL FGC LUGO.
- CAMPIONATO PROVINCIAL FGC OURENSE.
- CAMPIONATO PROVINCIAL FGC PONTEVEDRA.
- COPA GALICIA.

- E aquelas probas que, logo de solicitude á Federación Galega de Caza e coa debida antelación, cumpran cos criterios técnicos establecidos na normativa vixente e os terreos adáptense a unha proba destas características.

15.- Puntuacións:

Campión20 puntos

Subcampión ..15 puntos

3º11 Puntos

4º 8 puntos

5º 6 puntos

- 6º 5 puntos
7º 4 puntos
8º 3 puntos
9º 2 puntos
10º 1 punto

En caso de empate decidírase pola mellor ou mellores clasificacións alcanzadas nas distintas probas. No caso de persistir o devandito empate, resolverase pola suma das segundas mellores puntuacións. De non ter unha segunda puntuación contarase como cero puntos.

16.- Para representar a Galicia no Campionato de España o cetreiro debe ser galego. A estes efectos, enténdese como galego aquel que acode representando a unha sociedade de caza ou de cetraría inscrita no rexistro da FGC.

17.- Só terán dereito a clasificación nos Campionatos Provinciais os cetreiros con domicilio na provincia correspondente.

18.- No tocante ao can empregado como auxiliar neste tipo de competicións, poderá participar calquera can que estea inscrito nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.

19.- Recibirán Placa de campión, o campión galego de Baixo Voo e o campión galego de Sky Trial tras a celebración da Copa Galicia, unha vez sumadas as puntuacións conseguidas nas distintas competicións previas (provinciais e Copa Galicia).

BAIXO VOO

Nesta modalidade, ante a imposibilidade de celebrar a competición con lebre, tal e como determina a Lexislación de Competicións, poderanse realizar os campionatos con calquera especie susceptible de ser cazada (exemplo: faisán), polo tanto non se considerará na modalidade de Baixo Voo "lebre ao lance " recollido no apartado 6 do vixente lexislación.

En caso de empate procederase a realizar a clasificación atendendo ás puntuacións conseguidas nos distintos apartados:

- 1º global lance.
- 2º ave - cetreiro.
- 3º captura -retención.
- 4º voo sobre a presa.
- 5º aptitude de caza.

SKY TRIAL

Nesta modalidade a realización do lance antes dos dez minutos regulamentarios, pero despois dos cinco primeiros, terá unha bonificación dun punto por minuto.

En caso de empates procederase de igual xeito que en Baixo Voo.

Na altura seguirase o seguinte baremo sempre que se poidan utilizar elementos de telemetría; de non ser posible a utilización destes seguirase a Lexislación da modalidade.

ALTURA BAIXA

DE 0 a 50 metros	0 puntos
De 51 a 75 metros	1 punto
De 75 a 100 metros	2 puntos

ALTURA MEDIA

De 101 a 125 metros	3 puntos
De 126 a 150 metros	4 puntos
De 151 a 175 metros	5 puntos
De 176 a 200 metros	6 puntos

GRAN ALTURA

De 201 a 225 metros	7 puntos
De 226 a 250 metros	8 puntos
De 251 a 275 metros	9 puntos
De 300 en diante	10 puntos

*** Con mais de 300 m., compensarase no lance global**

ALTIVEZA CON CAN

Esta modalidade desenvolverase conforme ao establecido no vixente regulamento.

COPA FEDERACIÓN MODALIDADE PEQUENAS AVES

A Copa Federación de pequenas aves rexerese pola lexislación de Sky Trial ou de Baixo Voo segundo a inscrición

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013.